

Da terceira vía á vía morta: arredor de Tony Blair

Fernando Pérez-Barreiro Nolla

A queda de Tony Blair no palco escénico da política está rematando nun ambiente de enredo e confusión que reflicte no espello da práctica o enredo e a confusión con que se iniciou na teoría. Hai unha diferenza: a mingua das esperanzas.

Nos comezos do *novo laborismo* podía haber aínda quen estivese pronto a pechar os ollos, deixar de lado a crítica e confiar en que aquel feixe de lemas sen rigor nin claridade abrise un período novo na política británica, e incluso na mundial. Para algúns, e por algún tempo, a *terceira vía* era un madeiro a que agarrarse no naufraxio das ideoloxías. E o espectáculo do final do réxime *thatcherista*, protagonizado no decenio de 1990 pola deslucida traza de John Major creaba as condicións ideais para preferir calquera cousa a aquel desnortado gabinete.

Os anuncios de Blair de que non completaría o presente mandato, a negativa de fixar unha data para deixar o poder, o xogo da sucesión sempre deferida de Gordon Brown, que en todo caso non podería ocorrer por designación dinástica, todo isto engade un elemento de vodevil que acentúa o desprestixio dos políticos e da política. A repetición empeorada dun fin de réxime desa risible calidade é perigoso para unha democracia que se xulgaba madura e, mesmo por iso, abre perspectivas inquietantes que hai que explorar porque van alén do anecdótico e do nacional.

O final do *blairismo*, ou a súa continuación por Gordon Brown nunha repetición da de Thatcher por Major, non abre perspectiva ningunha de renovación, senón que revela mais unha vez o esgotamento da imaxinación política no xogo de poder e oposición. A palabra *novo* xa non significa nada e un *novo conservadorismo* ofrece tan pouca orixinalidade como o *novo laborismo*.

Atender ao que aconteceu nestes anos de Blair pódenos servir para comprobar se, como cremos, hai un esgotamento das institucións da democracia occidental ou se isto é o un alarmismo sen fundamento. A tradicional exemplaridade da vida política británica privilexia seguramente este terreo de experiencia e diagnóstico. A crise dos modelos abre foxos nos que poden vir acubillarse ideas e fantasías que coidábamos desbotadas e que cuestionan o confiado progreso no que adormeceron as ideas políticas de recentes xeracións.

Combinando a cronoloxía con algunhas chaves conceptuais, veremos de bosquexar unhas liñas de análise do que significa o complexo de feitos, percepcións, ilusións e desencantos que se amorean arredor da figura, singular por insubstancial, de Anthony Charles Lynton Blair.

O modernizador

A capacidade de adaptación do capitalismo comezou a verse con certa claridade nos anos da Guerra Fría e con estrépito e pirotecnia a partires do fin dela. Na Gran Bretaña, a aceptación do Estado de Benestar polo conservadorismo tivo o seu mellor momento nos gobernos de Harold MacMillan a finais da década de 1950.

A austeridade dos primeiros anos da posguerra foille cargada á conta do laborismo, e a dereita política cultivou o consumismo como afirmación da liberdade, resumida na entón chocante expresión de MacMillan: “Nunca estiverades tan ben como agora”. Ao laborismo tocoulle, en troques, limar diferenzas, acentuar o centrismo e non ofrecer unha alternativa radical.

A liderado de Gaitskell abriu o camiño da transformación ideolóxica do partido na oposición. Convén lembrar que sempre houbo unha *dereita* laborista, con base sindical, desconfiada das aventuras intelectuais e centrada nunha liña de melloría económica. Iso contribuíu a que non se acudise moito ao termo de *dereita* para cualificar o labor crítico de intelectuais actuantes na política como Anthony Crossland, por exemplo.

Foi talvez Herbert Morrison, permanente *segundo* do Partido Laborista, o que comezou a utilizar un termo que había de facer fortuna anos despois. Insistía Morrison, xa arredor de 1953, en que había que *modernizar* o Partido para facelo máis atractivo para a clase media, que fervía a cachón na cociña do goberno conservador e coa seguridade que lle dera o anterior goberno laborista. Morrison non era ningún teórico, pero coñecía como ninguén os perendengues do seu partido e ventaba as correntes máis aproveitables da opinión, canto máis *materiais* mellor.

Modernizar pasou a ser unha desas palabras chave destes últimos vinte anos. Forma parte dun repertorio que non sabemos moi ben de onde ven, pero que responde ás técnicas publicitarias e de creación de imaxe sempre dispoñibles para quen as merque. *Escolla, transformación, reforma* son termos dese léxico.

O primeiro líder modernizador do Partido Laborista foi Neil Kinnock. A seguires da desastrosa derrota do Partido nas eleccións de 1983, onde estivo a piques de perder a maioría da oposición polo avance da alianza dos liberais e o SDP, escindido do laborismo, Kinnock sucedeu a Michael Foot no liderado laborista. Nesas eleccións xerais gañou Tony Blair o seu escano parlamentario, en Sedgefield, distrito que conservou ao longo de toda a súa carreira política.

O principal rival de Kinnock nas eleccións para a xefatura do partido fora Roy Hattersley. En Hattersley depositábanse daquela as esperanzas dos que pensaban –e eran moitos– que o desastre electoral debérase á *esquerdización* do partido, infiltrado na súa Tendencia Militante polos ben ou mal chamados trotskistas, e simbolizada en versión máis democrática por Tony Benn. A tendencia oposta era a do grupo *Solidarity*, encabezado por Hattersley, e dese grupo formaba parte Blair antes de ser deputado, na súa relativamente breve vida política como secretario local do partido no distrito londiniense de Hackney a partires de 1981.

A campaña de Hattersley daba por seguro que podía contar con Blair, pero Blair apoiou a Kinnock. En termos de carreira política, o deputado mozo atinou ao xunirse ao carro de quen se vía que ía gañar. Non estaba tan claro daquela que Kinnock fose modernizar e que a esquerda *branda* que lideraba tivese máis futuro que a orientación dereitista de Hattersley. De feito, Blair acertou e cando lle chegou a hora de dirixir o partido, tivo moito que agradecer á limpeza e purga de esquerdistas que fixera Kinnock. O partido que recibiu en 1994, despois do breve intervalo de John Smith, era moito máis doado de modernizar que o de dez anos antes.

Os que formaban o grupo máis activo no apoio a Kinnock tiñan en común có seu xefe o de se teren iniciado na vida política no campo do sindicalismo dos estudantes universitarios. De alí viñan Charles Clarke, Jack Straw e Gordon Brown. Algún deles foran presidentes do sindicato de estudantes, a NUS. Todos tiveran enfrontamentos ideolóxicos con grupos de esquerda. Aprenderan do *International Marxist Group* e do Partido Comunista mestres no control das eleccións da NUS, a importancia da disciplina e dunha liña de actuación clara e xerárquica.

Pola súa banda, Roy Hattersley viña dunha tradición centrista e máis tradicional do laborismo, cun *modus operandi* moito máis aberto e pluralista. Tony Blair non viña, politicamente, de ningures. Nos seus anos de universidade no St. John's College de Oxford, non deu mostra ningunha de interese pola política activa. Vivía e vestía á moda xuvenil daquel decenio de 1970 e era o vocalista principal dun grupo de música rock. Parece que nunca tomou drogas, e iso din cantos o coñeceron naqueles anos.

Aparte da música rock, a outra esfera en que pode verse interese de Blair nos anos de Oxford é a relixiosa. Foi confirmado na Igrexa de Inglaterra neses anos e hoxe son moitos os que cren que é un católico *tapado*. A súa muller, Cherie, é católica de sempre, e educou aos seus fillos nesa igrexa. Pero antes de coñecer a Cherie o interese relixioso de Blair levouno por vías máis excéntricas. En Oxford entrou en contacto con un australiano Peter Thomson, ordenado na Igrexa de Inglaterra, con pretensións de teólogo radical e innovador e, sobre todo, unha enorme capacidade de influencia nos rapaces. Tiña Thomson entón 37 anos.

Parece ser que Thomson abriulle a Blair a perspectiva da dimensión social do Cristianismo. Isto ilustra máis unha vez a desconexión de Blair da tradición do movemento obreiro e o laborismo británico⁽¹⁾. O Cristianismo social non era unha novidade nen moito menos en Inglaterra, pero semella que o foi para Blair, que tería recibido dos seus pais unha educación relixiosa moi pouco elaborada. Thomson, segundo din, animouno a ler os escritos dun pensador escocés bastante marxinal, John MacMurray. Alí descubriu Tony Blair a importancia do concepto de *comunidade*, que seguiu invocando en moitas ocasións.

(1) É moi coñecida e citada na política británica a afirmación de Morgan Philips, secretario xeral durante moitos anos do Partido Laborista e presidente da Internacional Socialista, de que o Laborismo débelle máis ao Metodismo que a Marx.

Falouse moito desas influencias nos primeiros tempos de Blair como primeiro ministro. Pensouse que nelas asentaba a base ideolóxica da terceira vía (ou do *novo laborismo*, denominación que durou máis que a outra). Sumóuselles outra influencia que utilizaba tamén a etiqueta de *comunitarismo*, a de Amitai Etzioni, profesor de Socioloxía nos Estados Unidos. A este último coñeceuno moito máis tarde, en 1995, cando xa era Blair líder do partido. Unha influencia máis duradeira, non relixiosa, pero que compre mencionar aquí, é a de Anthony Giddens, o sociólogo da London School of Economics.

Compre sinalar tamén que Blair carecía de antecedentes familiares propicios ao laborismo. O seu pai, Leo Blair, era home de orixes modestos, fillo ilexítimo de comediantes transhumantes, adoptado por unha familia traballadora dos estaleiros de Glasgow, intelixente e con ansias de mellorar socialmente. Despois de contactos favorecidos polos seus pais adoptivos cós ambientes do Partido Comunista en Glasgow, empregouse nas oficinas da seguridade social, estudou Dereito e acabou sendo avogado e docente na Universidade de Durham. Atopou o seu fogar político no Partido Conservador e nel comezaba a facer carreira na vida pública cando sufriu un ataque en 1964 que non lle custou a vida pero o incapacitou para as actividades que máis lle interesaban.

Tony Blair admira o carácter do seu pai e recoñece que é o exemplo do conservador que só confía en si mesmo para avanzar e conségueo todo a base de esforzo e talento. Nada ten de raro que nunha ocasión dixera Blair “o meu pai é Norman Tebbit”⁽²⁾.

O cristianismo de Blair non parece decisivo como inspiración de ningunha das súas políticas. O que si pon de manifesto é a superficialidade que acompaña tantas veces a inxenuidade xuvenil mesturada cunha forte ambición. O retrato do xoven Blair é o de un rapaz ben parecido e intelixente que vai ter futuro na profesión xurídica, falta de conviccións fondas e, sobre todo, dispoñible.

O bazar das socialdemocracias

A idea dunha terceira vía ou dun *novo laborismo* consistiu na apropiación e naturalización na Gran Bretaña do mesmo remedio que adoptaron os partidos socialdemócratas europeos e o Partido Demócrata de Bill Clinton nos Estados Unidos para encontrar un camiño de volta ao poder en troques de aceptar a fonda reforma estrutural que o poder da dereita ultraliberal tiña feito nas bases económicas da sociedade capitalista e na configuración social dos correspondentes países.

Economía e sociedade estableceron unha simbiose reforzada pola eficacia da publicidade na creación de expectativas e fantasías multiplicadoras do consumo.

(2) Norman Tebbit, político e ministro nos gobernos de Thatcher, é o epitome do conservador de orixes proletarias.

A terceira vía pódese entender, xa que logo, non como un camiño cara á unha sociedade mellor ou diferente, senón como unha vía de acceso ao poder na sociedade existente. É unha táctica, non unha ideoloxía nin un programa político. Nunha época en que existen cadeiras, asociacións e empresas de *márketing político* e ata un *Journal of Political Marketing*, as eleccións de 1997 na Gran Bretaña deben ser un caso modelo para os estudantes desa modernísima e seguramente moi rendible especialidade académica. Foi unha vitoria das técnicas aplicadas e non das ideas de Giddens nin de ninguén.

O nome de *novo laborismo* serviu para dar unha imaxe de rexeneración e afastarse da idea dun partido inelixible, dominado polos baróns sindicais e abanado por modas esquerdizantes moi elitistas. Era unha tarefa urxente e benvida para unha xeración nova, ambiciosa e á procura de fendas para chegar a postos de poder. A ideoloxía xogaba pouco en todo isto.

Corre o mito, fomentado polos medios blairistas, de que o triunfo de 1997 debeuse á personalidade de Tony Blair. Utilizouse ese creto e esa apreciación do valor electoral da carta Blair en eleccións sucesivas, aínda que se fose desgastando co tempo e co choque coas realidades do goberno. Aínda que sexa xogar co que puido ou non puido pasar cando xa sabemos o que pasou, semella máis que probable que o Partido Laborista podería ter gañado as eleccións con John Smith como líder, se este non tivese morto en 1994, aínda que probablemente cunha maioría máis pequena.

Pero o cansazo cos *tories* e o aborrecemento xeral coa política deles serían abondo para afastalos do poder. Tal vez Smith non precisase de tanto *márketing* artificial como o seu sucesor. A súa figura prestábase para que o laborismo propuxese con verosimilitude un retorno á política no mellor sentido da palabra, soprando nas brasas que aínda quedaban na borrarra da tradición do partido. A técnica do *márketing* deixou baleiro o programa dos novos gobernantes, que a nada se comprometeron senón a seren *novos*: unha carta branca para os intereses de aínda non se sabía quén.

Foi unha situación inédita e desilusionante nun país de democracia madura e con pretensións de exemplar. E cabe afirmar que non se tería chegado a ela sen o labor implacábel do labor de goberno de Margaret Thatcher, que non sería esaxerado cualificar de revolucionario, e que aproveitou as fraquezas da sociedade británica que Thatcher viu con moita claridade. Nada ten de raro que Blair admire a esa predecesora, da que é recoñecido herdeiro.

Resultou destes e doutros acontecementos que na década de 1990 existise unha socialdemocracia moi semellante á europea (o que antes non se podía afirmar sen moitas reservas). Esas socialdemocracias estaban dispoñibles, en termos de organización, como tamén estaba dispoñible Tony Blair, en termos de individualidade, para servir, non exactamente á sociedade, pero si aos configuradores da sociedade.

Pintouse nalgún momento, talvez con brocha gorda, a transformación das socialdemocracias como a *compra* polos intereses dominantes (nunca ben definidos) de partidos socialistas desgastados, pero con cabeceira rexistrada co fin de substituír

aos partidos conservadores na xerencia da economía privatizada. Outra opción, que sería a de creación de novos partidos para esa función, ensaiouse na Gran Bretaña con aquel Partido Socialdemócrata escindido do laborismo por Roy Jenkins, David Owen, Shirley Williams e Bill Rogers, pero acabou cando ese partido se fusionou co vello Partido Liberal e nin así conseguiu atraer un electorado significativo.

A utilización deses partidos e o abandono de apoio aos conservadores para esa función gobernante dunha sociedade en que se quere que o goberno fiquese cada vez máis limitado e alleo aos mecanismos que verdadeiramente moven o acontecer social, merece moita atención. Un aspecto que pode semellar superficial pero reaparece en varios exemplos nacionais é o da emerxencia dun dirixente sen raigañas no partido correspondente, unha personalidade activa e atractiva que sirva de molde baleiro no que se poden verter mesturas moi variadas de accións políticas. Imprecisos e ambiguos, pero entusiastas e *carismáticos*, cada un pode ver neles o que quere e así concitan adhesións esperanzadas en momentos de desesperación. Menos claro ese perfil en Gerhard Schröder, pero aínda aplicable é recoñecible en Felipe González e Tony Blair.

A xustificación teórica desa transformación das socialdemocracias, que a afastaría dos tentes conspiratorios da teoría da *compra*, é a idea tan ben exposta por Giddens, pero non exclusiva del nin moito menos, de que a transformación da sociedade esixe a mudanza dos partidos e das ideoloxías. En primeiro lugar, no caso da esquerda socialista, pola desaparición da súa base social, que era a clase obreira ou o proletariado, como se queira chamala.

Entraríamos así no espiñoso problema do motor da historia. Esa sociedade giddensiana pasa a ser un *deus ex machina*, pero o primeiro que habería que preguntar é pola causa das mudanzas. Parece moitas veces como se o materialismo histórico fose a ideoloxía coa que se sente cómodo o capitalismo avanzado. Secasí, non é doado atopar en Giddens nin nos demais aceptadores do predominio da sociedade sobre as ideas políticas, unha explicación económica coherente e contundente das transformacións sociais.

As transformacións da sociedade non son nin inocentes nin aleatorias. Os avances da técnica permiten influír decisivamente na configuración da sociedade. Unha economía alimentada polo consumo incesante, cambiante e devorador necesita unha creación de hábitos rápidos e pouco duradeiros que hoxe é factible para que teña os medios e as finanzas necesarias. E ese financiamento é autoxerado. Nesas condicións son mínimas as posibilidades de iniciativa política. A opinión pública en que se asenta a lexitimación dos sistemas democráticos muda de carácter por completo nesas condicións. O problema é grave e deixa exposta a posibilidade de reforma autoritarias ou integristas indesexables en principio.

Cómpre recoñecer que se queremos fuxir das teorías da conspiración, precisamos dun aparello analítico moito máis refinado que os que a ciencia política nos ofrece hoxe. Pode ser que servise unha síntese de enfoques agora moi espallados e distantes. As conexións entre iniciadores, mediadores e executores da actividade

política non se prestan a análises formais, porque inciden en campos de entendemento que van desde a economía ata a criminoloxía, pasando pola estética, cunha amplitude que só unha antropoloxía ben desenvolvida podería talvez abarcar. Aínda non temos unha teoría *impura* da política e do estado que poida darnos as explicacións que procuramos e que son tan necesarias.

Nesa situación, podémosnos limitar no caso e no momento que aquí tratamos a unha indicación dos apoios abertos que tivo Tony Blair na súa elección como líder do Partido Laborista. Falamos de apoios de fóra do Partido.

Chama a atención o entusiasmo con que a candidatura de Blair foi recibida pola agrupación, moi reducida en número de afiliados, que se chamaba daquela Esquerda Democrática e agora Rede da Nova Política. É dicir, polo residuo transformado do Partido Comunista (PCGB) cando os eurocomunistas se fixeron co control do partido en 1991.

A nova formación quedou cos recursos económicos procedentes en definitiva do PCUS, entre eles os locais de King Street que comprara Lenin en 1920 e que, vendidos, deron para adquirir outras propiedades moi rendibles. Non deixa de ser curioso que a revista deste grupo, *Marxism Today*, hoxe desaparecida, vise xa con bos ollos a Neil Kinnock, e o seu propio director, Martin Jacques, eloxiou e apoiou a Blair. Igual fixo a secretaria xeral, Nina Temple. E do *Think Tank Demos*, que sucedeu a *Marxism Today* procede por exemplo Geoff Mulgan, asesor importante de Blair.

O ton xeral desas manifestacións públicas de apoio a Blair é de alivio de que desaparecera o liderado de John Smith e xurdise un novo programa de esquerda de base máis ampla, lonxe da influencia dos dirixentes sindicais e cheo de pragmatismo. As desilusións dos comunistas europeos despois de 1989 son un interesante capítulo da historia contemporánea e aquí vemos unha mostra do seu desespero ideolóxico na Gran Bretaña, onde nunca tiveran maior significación práctica.

Habería que explorar como ese apoio de 1994 chegou a confluír tres anos despois na campaña electoral de 1997 que levou a Blair ao poder, coa de Rupert Murdoch, que abriu as páxinas do diario *The Sun*, xornal popular de gran circulación e influencia nos votantes, ao bando laborista. Apoio do capital, disciplina case stalinista de ex-membros da Tendencia Militante como Geoff Mulgan e técnicas avanzadas de márketing operadas por Peter Mandelson, colaboraron no éxito da *modernización* e na creación dunhas inmensas esperanzas na opinión pública.

A política interior

Vistos desde agora os anos do goberno de Blair e os seus resultados na política interior é case inevitable pensar en termos de decepción. Poucos finais de goberno terá habido nos que iso non fose o natural. E porén vese neste caso unha diferenza importante. Incumprir promesas é frecuente e case inevitábel.

Pero ninguén pode caer no engano no caso do goberno destes dez anos, porque as promesas políticas de Blair foron poucas e hainas para todos os gustos. Utilizamos antes o termo de esperanzas, porque iso foi o que creou o triunfo electoral de 1997. E defraudar esperanzas non é igual que incumprir promesas. Pode ser máis grave, sobre todo cando hai unha desertización da vida política e cada repetición de eleccións encontra unha opinión máis escéptica e un maior desprestixio da clase política.

A habilidade de Blair e os seus axentes para non se comprometer podería ser incluso unha habilidade política, se se puidese ver como táctica. Non sería nada novo esconder un programa con fórmulas pouco comprometedoras e mesmo desatinadas. Pero a ambigüidade de Blair non é táctica senón esencial. O pragmatismo de que se fala consiste en ter as mans libres ao topar co que vaia vindo. Se se pensa que a sociedade é absolutamente plástica non hai por que se comprometer en lle dar unha ou outra forma. As ideoloxías vense como lastres e atrancos desa flexibilidade plástica ideal.

Fálase, en inglés e agora tamén noutras linguas, incluída a nosa, de *vender* ideas ou propostas, o que é moi lóxico se o mundo é un mercado e esa é a súa realidade última. O vendedor non é un táctico que vai cara ao outro fin que non sexa a venda do produto. O político é unha persoa hábil no uso dos medios pero que non perde nunca de vista o fin. Se alguén fai isto hoxe, e ten que haber quen o faga, non son os políticos. E iso é moi grave.

Vexamos en concreto e aínda que sexa de por riba algunhas actuacións do *novo laborismo*. Hai outras susceptibles de igual valoración fundamental.

Xa no día de chegar ao poder, o primeiro de maio de 1997, afirmou Blair que “gañamos as eleccións como *novo laborismo* e como *novo laborismo* imos gobernar”. Foi a súa única promesa e cumpriuna relixiosamente. Se algúns coidaban que ía satisfacer esperanzas de retorno a unha política máis social ou a desfacer o labor do *thatcherismo*, enganáronse, porque o *novo laborismo* estaba por definir e, en todo caso, só prometía que non sería igual que o laborismo vello. Canta ideoloxía ou cantos proxectos deixaríanse abandonados non estaba explicado en ningures.

Desde o primeiro momento deixou marcadas no novo goberno algunhas liñas de procedemento que ían caracterizalo. Unha consistiu en aumentar, contra o que se prometeu, o persoal de asesores e auxiliares non funcionarios, cos que se ía configurando unha especie de Departamento do Primeiro Ministro, semellante á Oficina do Presidente dos EUA.

Máis adiante chegaría a dar forza executiva ás decisións de algúns deles, sobre todo en materia de prensa e relacións públicas. Medrou en importancia a figura dun xefe de gabinete, Jonathan Powell por moito tempo, traído tamén de fóra da administración. Xa antes de chegar ao poder instalou un sistema de refutación inmediata, copiado do instaurado por Bill Clinton, para responder sen demora a canta crítica saíse nos medios de comunicación.

Todo isto acentuou un trazo defensivo que vemos nos gobernos de moitas democracias. Consúmese moitísimo tempo, enerxía e diñeiro en defenderse coa min-gua seguramente do que debía dedicarse a gobernar. Conseguída a confianza, e pou-cas veces tan clamorosamente como nas eleccións de 1997, o goberno pasou a atrin-cheirarse nun búnker. Non sabemos se iso decorre por natureza dunha sociedade tan mediática como a dos nosos tempos, pero se así fose habería que pensar en como solucionar unha situación tan paradoxal. Evidentemente, o *novo laborismo* non pensou nesa solución. E esa foi unha das cousas nas que quedou por baixo das expectativas.

Desde a primeira reunión de Gabinete, insistiu Blair en que os ministros lle chamasen Tony, e deseguida pasou a anunciar que non habería ordes do día nin minutas das reunións. Prescindir do protocolo no primeiro non ten moita importancia, pero no segundo anuncia unha diminución das opinións do Gabi-nete e, en definitiva, unha autocracia do primeiro ministro, que deixa de ser, como sempre se tiña dito que era, un *primus inter pares* e pasa a ser un príncipe arrodado de conselleiros áulicos.

Esa tendencia fora ben característica de Thatcher, e moitos esperaban que se corrixisse por un primeiro ministro tan afable como Blair. Non foi así e, de feito, decisións tan importantes como a transferencia ao Banco de Inglaterra da fixación dos tipos de interese no foi debatida no Gabinete, e cando alguén llo fixo notara Blair, respondeu o primeiro ministro que xa llo comunicaría aos ministros por telé-fono. Outra esperanza en materia de formas democráticas que foi defraudada.

O momento cenital da popularidade de Tony Blair ocorreu cando levaba pouco máis de tres meses no poder. Non se tratou dunha iniciativa política substan-cial, senón dun episodio de política como espectáculo. A morte da princesa Diana e o seu amante Dodi Al-Fayed en París o 30 de maio de 1997 deulle a Tony Blair a oportunidade de recoller e expresar un aquel sentimental dun pobo que, desde o decenio de 1960, viña abandonando a reserva, empurrado por intereses comerciais, e substituíndoa por un sentimentalismo superficial.

Blair, ben aconsellado polo seu asesor de prensa Alistair Campbell, sintoni-zou con ese sentimento, contrastouno coa frialdade da familia real, mediou visible-mente para moderar esa frialdade e facerlle o favor á raíña de evitar que a situación se volvесе contra ela, e pasou ao primeiro plano como campión da sensibilidade do novo Reino Unido. As palabras que pronunciou a mañá seguinte no adro da igrexa de Trimdon no seu distrito electoral de Sedgefield, nunha cerimonia coreografada por Campbell, foron un prodixio de entroidada. Alí usou a expresión *Princesa do Pobo*, que non inventara, pero foi usada poucas veces e ningunha con tal resonancia. O eco foi monumental. Só algún auganceiro arriscouse a sinalar que puido ter máis sentimentos o primeiro ministro cando un mes antes reduciu os subsidios ás familias monoparentais.

Case no mesmo nivel que a promesa de gobernar como *novo laborismo* está o que, non sen razón, poderíase considerar como promesa máis concreta, pero que realmente, o mesmo que outra que mencionaremos máis adiante, non

compromete a moito. Preguntado pola orde de prioridades do futuro goberno, Blair repetiu unha fórmula que se fixo ben coñecida, talvez máis do que lle gustaría, porque lle foi lembrada moitas veces para críticoalo. *Educación, educación, educación* foi a fórmula.

A esperanza que así criou foi a de que, polo menos, daría marcha atrás no abandono da educación pública polo goberno de Thatcher e o fomento da educación privada. Os máis optimistas ou máis xuízosos esperaban tamén que se iniciase un proceso de crítica das escolas unitarias establecidas con moita ilusión por autoridades laboristas e que se analizase o motivo de que non tivesen funcionado tan ben como se esperaba. Nada disto aconteceu. É certo que foron destinados recursos orzamentarios á educación, pero non sempre para reforzar a pública.

Sucesivas declaracións de Blair revelan que carece de ideas sobre os problemas da educación e nunca se preocupou de se asesorar na materia agás por tecnócratas. A súa preocupación é polos *resultados*, porque son os que se traducen en cifras e propaganda. Xa no primeiro mandato decidiu manter as táboas de resultados como as dun *campionato de liga* entre escolas, ao que sempre se opuxeron os sindicatos de mestres. Máis dunha vez, xa desde o tempo da oposición, revelou que o que lle interesa é a educación como mecanismo de ascenso social e posibilidade de emprego, con exclusión de calquera outro criterio de formación da persoa.

Os destinatarios da actividade educativa semellan ser os empregadores e máis ninguén. Insistiu obsesivamente o goberno laborista en fixar *metas* ou obxectivos que as escolas teñen que alcanzar, sen saber como. Non hai que esquecer que a educación primaria e secundaria é función, no Reino Unido, da administración local e non do goberno.

O *novo laborismo*, e Blair en especial, amosou sempre desconfianza polos concellos e estivo sempre disposto a propiciar alternativas, invocando o dereito dos país á escolla, en forma de escolas especializadas ou *city academies*, que poucas veces xustificaron na práctica o seu apresado e improvisado establecemento. Unha frase habitual do primeiro ministro é que en educación son máis importantes os resultados que as estruturas. Con iso fuxe da necesidade de reflexionar sobre os diferentes tipos de escola, que son moi variados na Gran Bretaña, o que era problemática tradicional da esquerda, e centrarse en éxitos que podan reflectirse en estatísticas. A gran tradición pedagóxica e experimental do país, que xa minguara polos esforzos dos decenios conservadores, extinguiuse practicamente no enfoque esencialmente filisteo e anticultural dos *blairistas*.

No segundo mandato, o goberno dedicou máis atención ao ensino superior, no que non incidira moito ata esa ocasión. En 2004 a autorización ás universidades para que impuxesen taxas académicas adicionais custoulle ao goberno a maior rebelión parlamentaria e gañou a votación por unha maioría de só 5 deputados.

No terreo dos servizos, que sempre di o goberno de Blair que é unha das súas preocupacións esenciais, atopamos unha historia moi semellante no Servizo Nacional de Saúde. É esa outra cuestión que seguramente require estudo e novas

formulacións, pero na que, aínda que se gastou diñeiro público, segue habendo carencias importantes e aumenta a privatización de servizos auxiliares e a escaseza de persoal profesional.

Só a repetición de desastres conseguiu a *semi-desprivatización* da infraestrutura ferroviaria. A explotación das liñas segue sendo privada.

Os duros golpes dos gobernos de Thatcher aos sindicatos non foron curados polo *novo laborismo* e os sindicatos seguen diminuídos, febles e con escaso futuro. Das propostas constitucionais, a reforma da Cámara dos Lores quedou a medio facer por falta de ideas.

A creación de asembleas e gobernos autonómicos en Escocia e o País de Gales pódese dicir que foi acertada en xeral. Hai que dicir que eran un proxecto ben pensado desde os tempos de John Smith, que tiña especial predilección por ese asunto. Segue sen completar nese cadro o caso especialísimo do Ulster, cuxa resolución cumpriría unha das grandes ambicións de Blair.

A longa despedida de Tony Blair non arrequeña esperanzas como as que existían ao final do *thatcherismo*. Un prezo moi alto dunha experiencia deslucida e superficial que afondou unha ferida social que non atopa solución política e abre a interrogante trágica de se a política que coñecemos pode aínda dar solucións.

A política exterior

Aínda que o sector exterior foi sempre moi minoritario na atención dos británicos e rara vez foi tema electoral decisivo, tamén nese terreo había esperanzas cando o *novo laborismo* chegou ao poder. Menos importantes, menos apaixonadas, pero con un certo ton de censura do que se viu como cinismo do anterior goberno e da estreita relación de Margaret Thatcher con Ronald Reagan.

Tony Blair, que na súa xuventude amosara moi pouco interese pola política, amosou aínda menos pola política exterior. O seus anos de Oxford foron os derradeiros da guerra do Vietnam, que acordaba polémicas e manifestacións. Blair mantívose alleo a toda esa axitación. Nos tempos da oposición foi portavoz e ministro *na sombra* de asuntos do interior: industria e comercio, emprego, enerxía, *home office*. Ninguén podería prever que a grande crise do seu goberno e, se non o seu fin, polo menos o comezo do seu declive, habería de ser un conflito no Próximo Oriente.

Xa a piques de chegar ao poder Blair, o interese dos observadores centrábase en cales serían as actitudes cara á Comunidade Europea do goberno que podería vir a formar. Había opinións de todo xénero, favorecidas como sempre pola ambigüidade esencial de Blair. Escavando nos seus discursos de campañas na oposición atópanse declaracións anticomunitarias, como as do seu discurso na primeira elección parcial en que foi candidato e perdeu ata manifestacións de europeísmo, ás veces do xénero pintoresco de quen goza dos viños franceses e das vacacións na Toscana.

No manifesto das eleccións de 1997 anunciouse que habería un referendo sobre o Euro, en nome da doutrina de que a decisión de adoptar a moeda única terá que ser adoptada polo Goberno, o Parlamento e o electorado. Pero ese mesmo mes, antes das eleccións que gañará, escribiu nun xornal do 23 de xullo, día de San Xurxo, que non quería un *súper Estado* e que se ese mostro aparecese decapitaríao como fixo o santo patrón de Inglaterra có dragón.

Das reviravoltas de Blair arredor do tema comunitario pódese chegar a unha conclusión, que, abreviadamente, diríamos que consiste en que Blair quer, para si e para o seu país (é de supor), un papel de liderado en Europa. Insiste moitas veces en que ese papel fai falta para *modernizar* a Unión. Vese que confía nesa palabra que foi chave da súa entrada na política nacional para levalo a primeira fila da Europa comunitaria. E se para iso hai que dar ás veces a impresión de que está a favor do euro, da esa impresión, pero sen entusiasmo. Igual cando insinúa que pode non convir, e déixalle os argumentos para as demoras a Gordon Brown.

O que non compartía é a opinión estendida en moitos sectores do partido, e formulada por Robin Cook, de que o euro pecharía as posibilidades dunha recuperación keynesiana en caso de depresión. En 1997, Roy Jenkins teríalle dito que tiña que escoller entre Rupert Murdoch e Europa. Escolleu Murdoch porque podía presarlle unha axuda decisiva para gañar as eleccións, e para ese fin non lle valería de nada a Comunidade.

Cando Blair, na súa etapa de portavoz de asuntos laborais na oposición, conseguiu dos sindicatos a renuncia á *closed shop* (o principio de que non poida traballar en ningunha empresa quen non estea afiliado ao sindicato) aducira o argumento de que sen esa renuncia non se podería asinar a Carta Social da Comunidade. Foi un duplo xogo pouco limpo. Os sindicatos, acovardados e temerosos pola ofensiva *thatcherista*, coidaban que a súa salvación podería ser a Carta Social, como lles explicou Jacques Delors en Plymouth. O que non sabían, aínda que pareza increíble, e que na Carta se garante o dereito a non pertencer a un sindicato. No primeiro ano do goberno de Blair o Reino Unido aceptou a Carta Social.

Di algunha vez que outra Tony Blair o moito que sinte ter perdido a oportunidade de entrar no sistema de euro en 1997. Lendo con atención os documentos da época vese que tanto ele como Gordon Brown chegaron á conclusión de que non entrarían *na primeira vaga* e incluso tentaron facer presión para que a data desa onda se adiara para despois de xaneiro de 1999, o que era un intento desesperado.

O labirinto de declaracións sobre o euro e as famosas cinco probas que terá que superar a economía para que o Reino Unido entre no sistema do euro son unha historia que non ten remate. Cando por fin se abriu a posibilidade dun referendo sobre o asunto, adiuouse indefinidamente a súa celebración en vista dos resultados negativos dos celebrados en Francia e os Países Baixos sobre o proxecto de Constitución Europea. É moi pouco probable que ese episodio fose motivo de desgusto para Tony Blair.

No primeiro goberno de Blair, Robin Cook na *Foreign Office* proclamou unha política exterior *ética*. Pódense poñer moitos reparos teóricos a ese concepto, pero respondía, aínda que fose en forma vagarosa, a esperanzas igualmente vagarosas daqueles tempos.

Na oposición, Blair criticara a John Major por non ter actuado decididamente en sentido humanitario nos conflitos da ex Iugoslavia, non ter exercido un liderado moral en Bosnia e contemplar pasivamente a matanza de Srebrenica. Con Cook na *Foreign Office* chegara o momento da ética. E Cook xulgaba, despois de moito tempo de atención aos Balcáns, que era lexítimo utilizar a forma armada contra a limpeza étnica, por exemplo.

En 1999 o liderado de Blair en provocar a campaña aérea da OTAN e a presión que aplicou para empurrar a Clinton a un acordo sobre o envío de tropas de terra, malia a resistencia do presidente a esa idea, foron como un exemplo de esa política ética, pero certamente non pacifista. Agora hai quen ve no entusiasmo de Blair naquelas datas unha mostra de psicoloxía belicista que máis tarde había ter manifestacións máis graves aínda. Cook cesou na *Foreign Office* despois das eleccións de 2001 e pasou a ser líder dos Comúns, posto do que dimitiu en 2004 como protesta polo apoio do goberno á coalición que desencadeou a invasión do Iraq.

Quen se ocupe dos anos de goberno do *novo laborismo* e de Blair non pode escusarse de procurar unha explicación do acontecemento polo que seguramente vai ser lembrado na historia ese goberno e, máis sinaladamente, a personalidade do primeiro ministro. Máis que Suez para Anthony Eden, Iraq e o vórtice do enigma de Tony Blair.

Os Estados Unidos foron sempre un foco de referencia para Blair. Clinton pareceu o seu modelo na formación da terceira vía, e o presidente visitara Londres e falara ao gabinete por invitación de Blair moi pouco despois da chegada deste ao poder. A continua sospeita de que a conduta do primeiro ministro en cuestións europeas está orientada por un programa escondido de impor un *modelo anglosaxón* destrutivo da Unión Europea como potencia mundial alternativa, tanto ou máis que de ordenacións sociais diferentes, está presente en moitas análises.

O que chama a atención é que Blair estableceu unha relación de apoio incondicional e inquebrantable con George Bush. A presión que puido exercer sobre Clinton na cuestión de Kosova nin a intentou, que se saiba, en ningún aspecto da política exterior de Bush. Pode que as diferenzas de política estranxeira real, e non de estilo ou oportunidade, entre os dous presidentes non sexan tan grandes como lles parece pensar a algúns analistas europeos á procura de polaridades confortábeis.

Hai centos de libros e estudos que explican ou intentan explicar a decisión de Bush de invadir o Iraq para acabar có réxime de Saddam Hussein. Moitos menos que aborden esa tarefa no caso de Tony Blair. A decisión deste foi persoal ata un punto case único na historia das democracias contemporáneas. Que non tivera o castigo electoral que moitos pensaron que ían a ter, é dicir, que perdesse de todo a maioría parlamentaria, acudindo ás veces a paralelos có caso de Aznar, é opinión

que descoñece moitas peculiaridades que aínda ten a política británica e, nun nivel máis evidente e decisivo, que o partido da oposición non podía nin quería tomar un camiño diferente.

Ata agora non se chegou moito máis alén das explicacións que aducen a personalidade de Blair como motivo decisivo. Non son abondo para explicar por que precisamente neste caso foi tan ferreña a actuación do xefe do goberno. Temos que arriscarnos a non ofrecer unha análise máis fonda, seguramente porque nos faltan os instrumentos da teoría *impura* da que falamos nestas páxinas. O máis que podemos dicir é que os anos de Blair e a súa culminación na decisión sobre a guerra do Iraq son obxecto privilexiado para ensaiar abordaxes dese xénero.

A *dispoñibilidade* de formacións e personalidades políticas podería ser un concepto útil na teoría albiscada. E Blair, coa súa personalidade plástica e ambigua e as súas crenzas ao mesmo tempo leves e teimudas, estaba dispoñible para facer o que fixo en 2003.

Fernando Pérez-Barreiro Nolla é membro do Consello Asesor do Igadi.